



IES Alexandre Bóveda

r/ Cuntis s/n. Télf.: 986292812 Fax: 986292816 CP 36209 Vigo

Orientación 986212983

<http://edu.xunta.es/centros/iesalexandreboveda/>

Bacharelato de Artes Escénicas, Música e Danza.
Saídas universitarias e Superiores xerais.
Ciclos superiores e Artes Plásticas e Deseño



Vínculos de interese:

<http://ciug.cesga.es/menuinicio.html>, <http://www.edu.xunta.es> , <http://www.uvigo.es>,
<http://www.udc.es> , <http://www.usc.es>, <http://www.mcu.es/artesEscenicass/>
<http://www.edu.xunta.es/centros/cmusvigo/>

DOG do 01/06/2011: "instancia para cursar as materias comúns para alumnado que teña ata 5º ou 6º ou estudos completos do Conservatorio Profesional"

DOG do 15/07/2010: "Materias de validación con bacharelatos de ensinanza de música"


O alumnado que curse ensinanzas regradas de música terá prioridade á hora de facer o bacharelato de artes escénicas, música e danza.

1º CURSO de bacharelato de Artes Escénicas Música e Danza:

Materias comúns:	Ciencias para o Mundo Contemporáneo, Educación Física, Filosofía e Cidadanía, Lingua Castelá e Literatura I, Lingua Galega e Literatura I, Inglés
Materias de modalidade: Cursaranse 3	Cultura Audiovisual (obrigatoria), Linguaxe e Practica Musical (*) Análise Musical I (*) Anatomía Aplicada
Materias optativas:	Música (*)

(*) Validacións	<p>Linguaxe e Práctica Musical: Ter superado o 3º curso de instrumento ou voz.</p> <p>Música: Ter superado o 1º curso das materias de Orquestra, Banda ou Coro.</p> <p>Análise Musical I: Ter superado o 2º curso de Harmonía</p>
--------------------	---

2º CURSO de bacharelato de Artes Escénicas Música e Danza:

Materias comúns	Historia de España, Historia da Filosofía, Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II, Inglés
Materias de modalidade Cursaranse 3	Historia da Música e da Danza (obrigatoria) (**) Literatura Universal Análise Musical II (**) Artes Escénicas 
Materias optativas	Historia da Arte (propia de modalidade en bacharelato de Humanidades)

(**) Validacións	<p>Historia da Música e da Danza: Ter superado os cursos 1º e 2º de Historia da Música.</p> <p>Análise Musical II: Ter superado o 1º curso de Análise/Fundamentos</p> <p>Optativa: Ter superado o 2º curso das materias de Orquestra, Banda ou Coro.</p>
---------------------	--

A selectividade universitaria (Real Decreto 1892/2008, BOE núm. 283)

Segundo desenvolvemento que regula as condicións de acceso á Universidade en Galicia, o alumnado deberá presentarse aos exames das seguintes materias:

Fase xeral obrigatoria de selectividade das materias de 2º de bacharel comúns:

Historia ou Filosofía, Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II, Inglés (ou calquera lingua estranxeira cursada ou non)

A nota faise co **60 % da media do expediente académico** durante o bacharel e o outro 40% farase coa nota de exame de selectividade cun mínimo de 4 puntos. Aprobando a media temos acceso a tódalas carreiras universitarias con moitas prazas.

Tamén deberá presentarse a 1 entre as materias propias de calquera modalidade cursada ou non:

As cursadas son: Análise Musical II, Artes Escénicas, Historia da Música e da Danza, Literatura Universal, Historia da Arte (por Humanidades)

Fase específica e voluntaria de selectividade: Para as carreiras con límite de praza É dun máximo de 4 materias propias de calquera modalidade cursadas ou non, exceptuando a que se examinou na fase xeral da proba, das que se escollerán as 2 aprobadas máis puntuadas despois dunha **ponderación**. Isto poderá sumar ao exame da fase xeral un máximo de 2 puntos por materia cun total de 4 puntos. Recomendamos que se escollan nesta fase as materias máis ponderadas. A puntuación máxima de selectividade será de 10+4 puntos. (Ponderacións de exame de selectividade por carreiras en <http://ciug.cesga.es>)



Saídas posteriores ao bacharelato:

Títulos de Grao/a (4 anos) sen selectividade universitaria

Estes teñen acceso mediante probas específicas:

- ⇒ Conservatorio Superior de Música (Vigo)
- ⇒ Arte Dramática (Vigo)
- ⇒ Danza



Titulacións de grao en HUMANIDADES con selectividade universitaria

Español: estudos lingüísticos e literarios (Coruña), Filoloxía Clásica (Santiago), Estudos de Galego e Español (Vigo)

Galego-Portugués: estudos lingüísticos e literarios (Coruña)

Inglés: estudos lingüísticos e literarios (Coruña)

Linguas e Literaturas Modernas (Santiago), Linguas Estranxeiras (Vigo)
 Lingua e Literatura: Galega/Española/Inglesa (Santiago)
 Belas Artes (Pontevedra)
 Información e Documentación (Ferrol)
 Tradución e interpretación (Vigo): Español/Inglés, Español/Francés,
 Tradución e interpretación (Vigo): Galego/Inglés, Galego/Francés
 Historia (Ourense, Santiago) Historia da Arte (Santiago)
 Xeografía e Historia / Xeografía e Ordenación do Territorio (Santiago)
 Filosofía (Santiago) Humanidades (Lugo, Ferrol)



Titulacións de grao con selectividade abertas a tódolos bacharelatos:

As titulacións sen límite de praza e outras con nota de corte baixa permiten acceso desde calquera modalidade como algunhas de Ciencias Sociais e Xurídicas. Exemplo:
 Ciencias da Actividade Física e do Deporte (esta tamén con proba acceso propia),
 Ciencias Políticas e da Administración, Dereito, Educación Social, Logopedia,
 Educación Infantil (Maxisterio), Pedagogía, Relacións Laborais, Socioloxía, Terapia
 Ocupacional, Traballo Social, Turismo, Xestión e Administración Pública

Formación Profesional de Grao Superior (<http://www.edu.xunta.es/fp/>)

Son 2 cursos. Da acceso directo á Universidade (segundo bacharelato cursado e, de ser preciso, nota media) Pódese facer acceso sen bacharelato mediante proba con 19 anos. Na selectividade pódense mellorar as notas presentándose a 4 exames.

Bacharelato:	Preferencia de acceso a ciclo superior:
Música Artes Escénicas e de Humanidades	Administración e Xestión, Artes Gráficas, Artes e Artesanías, Comercio e Marketing, Hostalería e Turismo, Imaxe e Son, Servizos Socioculturais e á Comunidade.

Artes Plásticas e Deseño

Impártese nas Escolas de A Coruña, Santiago, Lugo e Ourense.

Ciclos Superiores: acceso directo co bacharelato de Artes e cos demais mediante proba. Tamén pode haber un *curso de acceso* de CM a CS da mesma familia profesional.

Ciclos Medios: acceso externo mediante proba tendo o título de graduado en ESO. Ou tendo no ano de matrícula 18 anos facendo a proba de acceso.